

Expediente	2025002174
Asunto	Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a prestación de servizos de administración electrónica.
Trámite	Memoria xustificativa

O presente informe emítase en virtude do disposto no art. 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e o artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

#### 1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2024, aprobou o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a "prestación de servizos de administración electrónica", o cal remata o 10 de marzo de 2027.

Que, en atención ás competencias propias e de conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno, por acordo, en sesión celebrada en data 19 de abril de 2024, adxudicou o contrato que rexe a prestación do servizo para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da provincia de Pontevedra (Exp. nº 2024002812) ata o 21 de maio de 2027.

Actualmente son 55 concellos, 4 mancomunidades e 6 entidades locais menores as adheridas ao convenio de colaboración para a prestación de servizos de administración electrónica.

Que o devandito servizo permite aos concellos adheridos instaurar o expediente electrónico, garantindo o cumprimento das obrigas recollidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como a integración coa Plataforma de Contratación do Estado (PLACE) ou cos servizos da Plataforma de Intermediación de Datos, entre outros.



Que con data 13 de xaneiro de 2024 o Concello de Vilanova de Arousa manifesta o seu interese na adhesión ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica.

Con data 7 de febreiro de 2025 o deputado delegado en materia Novas Tecnoloxías e Contratación, dispuña o inicio do expediente para a aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a prestación de servizos de administración electrónica.

## 2. CONTIDO E BASE XURÍDICA

### *a) Lexislación aplicable.*

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local (LRL)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Sentenza 111/2016, do 9 de xuño de 2016. Recurso de inconstitucionalidade 1959-2014. Interposto polo Consello de Goberno da Junta de Andalucía en relación con diversos preceptos da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

### *b) Competencia que se exerce.*

Corresponde aos órganos de goberno e xestión das deputacións provinciais prestar asistencia e cooperación en materia de administración electrónica a concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes, conforme ao previsto no artigo 36.1.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

Adicionalmente, o artigo 36.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, determina que as deputacións provinciais teñen como competencias



propias o soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos, sen limitación de poboación, que desde a entrada en vigor da LPAC só pode ser electrónico.

Que a Sentenza 111/2016, do 9 de xuño de 2016. Recurso de inconstitucionalidade 1959-2014. Interposto polo Consello de Goberno da Junta de Andalucía en relación con diversos preceptos da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, determina que as competencias das deputacións en relación á prestación de servizos de administración electrónica “é facer efectiva a prestación duns servizos (de informática e de asesoramento xurídico) aos municipios de menos de 20.000 habitantes que poden que non teñan, por si mesmos, capacidade de asumilos”. Tarefas de apoio, di o Tribunal, garantidas, tamén, polos principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal, así como polo disposto no apartado 2 do mesmo precepto, “asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal” (F.j. 11).

Por outra parte, as administracións públicas, e en concreto os concellos da provincia de Pontevedra, deben garantir o dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coa administración conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

*c) Contido.*

O convenio obxecto do presente informe foi aprobado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2024, cuxa duración remata o 10 de marzo de 2027.

Deste xeito, o borrador de convenio que acompaña a esta memoria xustificativa é o convenio aprobado polo órgano competente.

Así, consta de 10 puntos expositivos, 18 cláusulas e 3 anexos e ten por obxecto a implantación do proxecto “Servizo de administración electrónica para concellos”, co obxectivo de asegurar nestas entidades o cumprimento da normativa básica en administración electrónica a través do acceso e uso de ferramentas tecnolóxicas que lles permita xestionar internamente os seus expedientes e prestar aos seus cidadáns un servizo de administración electrónica de xeito seguro e eficaz.



O alcance do servizo é a posta a disposición da plataforma de administración electrónica en modalidade software como servizo (SaaS) "esPublico. Gestiona" de titularidade de Espublico Servicios para la Administración S.A., que inclúe as solucións tecnolóxicas de integración en relación co rexistro electrónico de apoderamentos (REA), rexistro electrónico, rexistro de empregados públicos habilitados (habilit@), punto de acceso xeral electrónico da Administración (PAe) e arquivo único electrónico. Así, a proposta de convenio inclúe os seguintes extremos:

- a) Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo coa asignación orzamentaria.
- b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada para cada beneficiario.
- c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- d) Prazos e modos de pago da subvención, así como o réxime de garantías.
- e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

Por todo, este convenio de colaboración ten natureza xurídico-administrativa de subvención nominativa en especie imputable ao capítulo II do Orzamento provincial. A subscrición do Convenio que instrumente o outorgamento da axuda publicarase na Base de datos Nacional de Subvencións.

#### *d) Análise xurídica.*

A Xunta de Goberno da Deputación en sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2024, aprobou o "Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a prestación de servizos de administración electrónica", (exp. 2024.005572), cuxa duración remata o 10 de marzo de 2027.

De conformidade co disposto no art. 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poden concederse subvencións directamente (sen concorrencia pública) no suposto: "c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública."



Que a cláusula segunda do Convenio de colaboración para a prestación de servizos de administración electrónica recolle dentro do seu ámbito subxectivo os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 20.000 habitantes, que non formalizaran a súa adhesión ao Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto Servizo de administración electrónica para concellos aprobado con data 1 de decembro de 2016.

Que o Concello de Vilanova de Arousa entra dentro do ámbito subxectivo de aplicación do devandito convenio para a prestación do servizo ofrecido pola Deputación.

Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio no que estean previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como se preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así, os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Deste xeito, concorren circunstancias competenciais e de interese público para a formalización do convenio con Concello de Vilanova de Arousa.

*e) Suxeitos e capacidade xurídica.*

A capacidade da Deputación deriva da súa condición de Administración pública (arts. 3, 4, 47 da Lei 40/2015) e, de entre estas, como entidade local (arts. 4 e 5 da Lei 7/1985). A sinatura do convenio realizaríase pola presidencia da Deputación, de acordo coa art. 34.1 b) da LBRL na súa condición de representar á Deputación Provincial de Pontevedra.



*f) Procedemento.*

O procedemento para a aprobación do convenio debe seguir o establecido pola Instrución para a tramitación de convenios na Deputación do 14 de febreiro de 2023.

Con data 7 de febreiro de 2025 o deputado delegado con competencias en Novas Tecnoloxías e Contratación dispuña o inicio do expediente para a aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a prestación de administración electrónica.

O artigo 50 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), establece como trámite preceptivo para a subscrición de convenios e os seus efectos, a realización por parte do órgano proponente do convenio, dunha memoria xustificativa que acompañe ao convenio de colaboración.

Unha vez completada a documentación anterior, someterase o expediente completo á súa fiscalización pola Intervención provincial.

Así mesmo e dada a súa valoración, de remisión ao Consello de Contas de Galicia ex art. 53.1 da Lei 40/2015, segundo a súa Instrución relativa á remisión telemática dos convenios e da relación anual daqueles formalizados polas entidades do sector público local de Galicia, aprobada por acordo do seu Pleno do 8 de febreiro de 2017 (DOG 24.03.2017). Contémplase o réxime relativo á protección de datos de carácter persoal no termos do disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

O convenio que se somete a aprobación xa foi aprobado pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria de data 23 de febreiro de 2024. Deste xeito, a competencia para a aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a prestación de servizos de administración electrónica correspóndelle ao presidente da Deputación de Pontevedra, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, así como a sinatura do mesmo.

O Convenio deberá ser obxecto de publicación cos contidos do art. 8 b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na sede electrónica ou páxina web e previa disociación (no seu caso) dos datos de carácter persoal (nas condicións do art. 4.4 da referida Lei 19/2013).



### 3. IMPACTO ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

Que, en atención ás competencias propias e de conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno, por acordo, en sesión celebrada en data 19 de abril de 2024, adxudicou o contrato que rexe a prestación dun servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para Entidades Locais da provincia de Pontevedra (Exp. nº 2024002812) ata o 21 de maio de 2027.

Os efectos económicos-financeiros que puidera supor a aprobación deste convenio, derivados da modificación prevista no contrato relativo ao servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra expte. 2024002812, estímense en 33.129,65 € (27.379,88 € mais 5.749,77 € correspondentes ao IVE), xa que dependerá da data efectiva de inicio da prestación dos servizos. Deste xeito, estímense os efectos económicos nun escenario de implantación desde 1 de abril de 2025 ata o 10 de marzo de 2027, data na que finaliza o contrato vixente, con cargo ás aplicacións orzamentarias:

Aplicación Orzamentaria	Importe Total
25/926.9260.227.06 (01/04 ao 31/12)	12.781,08 €
26/926.9260.227.06	17.041,44 €
27/926.9260.227.06 (01/01 ao 10/03)	3.307,13 €
TOTAL	33.129,65 €

A Deputación realizará o pago á empresa adxudicataria con periodicidade mensual, polos servizos prestados naquelas entidades locais implantadas, prorrateándose o importe para aqueles casos nos que a implantación se realice durante o período de facturación.

Cada factura será detallada identificando o número de expediente, o obxecto do contrato, o período de facturación, o importe facturado e a entidade local.



O desenvolvemento das actividades previstas neste convenio realizarase previo pagamento dunha contraprestación económica no caso de que a entidade conveniada sexa un concello. O desenvolvemento das actividades previstas neste convenio para as entidades locais menores e mancomunidades realizarase sen custo económico para a entidade local asinante.

O modelo de contraprestación económica e criterios de distribución ten carácter dinámico tomando como referencia o número de habitantes de cada concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Así, deste xeito a contraprestación económica por parte do concello de Vilanova de Arousa é a seguinte:

Rango de poboación Concello de Vilanova de Arousa (10.225 hab)	Importe anual contraprestación
10.001 a 15.000 habitantes	3.500 €

Este réxime económico aplicable ten como finalidade repercutir unha parte do custo da Deputación de Pontevedra polo servizo e non con fins de lucro.

A distribución de custos podería incluír, adicionalmente, o IVE, ou calquera outro tributo que puidese ser establecido e que resulte de aplicación.

A forma de liquidación será anual e o pagamento deberá realizarse dentro dos 3 primeiros meses de prestación do servizo.

O resto das medidas previstas, que puideran supoñer unha variación de custos, deben desenvolverse cos medios persoais e materiais actualmente existentes. As medidas a adoptar para dar cumprimento ás exixencias da execución do convenio deben atender aos principios básicos de eficacia e eficiencia.

Pontevedra. Firma dixital.

